

ACORDO do 5 de abril de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a necesidade de urxente ocupación que iso implica, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto LAT 220 kV evacuación do parque eólico Coto Loureiro e SE Monte Inxeiro ampliación 220 kV, nos concellos da Laracha, Cerceda e Ordes (A Coruña) (expediente IN408A 2021/36). DOG Núm. 71, de 12 de abril de 2022. **Prazo para alegacións ata o 27/05/2022.**

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220412/AnuncioG0596-060422-0003_gl.html

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/instalacions-xeracion/coto-loureiro-monte-inxeiro>

| NOME DO PROXECTO | PROMOTORA | MUNICIPIOS AFECTADOS | CARACTERÍSTICAS |
|---|--|--|--|
| LAT 220 kV evacuación do parque eólico Coto Loureiro e SE Monte Inxeiro ampliación 220 kV | Adelanta Corporación, S.A. (CIF: A-32015547) | A Laracha, Cerceda e Ordes (A Coruña) | <ul style="list-style-type: none"> • A LAT obxecto da presente tramitación constará dun simple circuíto de condutor LA-280 Simplex, tendido sobre apoios metálicos de celosía. • A súa lonxitude aproximada será de 12.823,78 metros (sen incluír os vans destensados de aproximadamente 37,95 m de conexión á SET PE Coto Loureiro e de 37,68 m á SE Monte Inxeiro ampliación 220 kV). • O número de apoios proxectados é de 41. • A LAT dispoñerá dun cable de fibra óptica tipo OPGW-48 para comunicacións que efectuará, ademais, a función de cable a terra. • A nova subestación eléctrica SE Monte Inxeiro ampliación 220 kV, sita nas coordenadas UTM fuso 29 ETRS89: X=545.386 e Y=4.775.148 e adxacente á SET do PE Monte Inxeiro 30/220 kV, estará composta polos seguintes elementos: <ul style="list-style-type: none"> – Unha (1) posición de liña de 220 kV para a chegada da liña aérea desde a SET PE Coto Loureiro (L/PE Coto Loureiro 220 kV (L-1). – Unha (1) posición de media tensión en barras colectoras de 220 kV. – Conexión con barras da SET PE Monte Inxeiro 30/220 kV. • Nin a SET PE Coto Loureiro (nº expediente IN408A 2018/37, en tramitación e promovida por Adelanta Corporación, S.A.) nin a SET PE Monte Inxeiro 30/220 kV (nº expediente IN408A 2017/25, en tramitación e promovida por Green Capital Power, S.L.) forman parte do presente proxecto. |

Obxecto da información pública:

A solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) das instalacións. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Documentación que se expón:

1. O proxecto técnico (febreiro 2022-vsdo.15.3.2022).

1.1. Plano xeral do proxecto do parque eólico.

1.2. A relación concreta e individualizada dos propietarios de bens e dereitos afectados polo proxecto (RBDA), que figura no anexo que se insire neste acordo.

1.3. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto.

2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (abril 2021-asdo.16.3.2022) máis estudo de impactos sinérxicos (xuño 2021-asdo.16.3.2022).

3. O proxecto de interese autonómico (PIA) (febreiro 2022-vsdo.15.3.2022).